

Gasto dos non residentes en Galicia. Segundo trimestre de 2009

NOTA DE PRENSA

No segundo trimestre de 2009 os viaxeiros non residentes que se aloxaron en establecementos hoteleiros galegos gastaron de media 101 euros por persoa e día

Segundo os datos da operación estatística "Gasto dos non residentes en Galicia", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os viaxeiros non residentes en Galicia que no segundo trimestre de 2009 se aloxaron nalgún establecemento hoteleiro de Galicia gastaron de media 101 euros por persoa e día na nosa comunidade, cun gasto total de 127,5 millóns de euros, o que supón arredor do 0,9% do Produto Interior Bruto trimestral a prezos correntes de Galicia. As maiores partidas de gasto destináronse ao aloxamento (40,9% do total de gasto) e a restaurantes (25,9%).

Gasto dos non residentes segundo o concepto de gasto. Galicia. Segundo trimestre de 2009

Concepto	Gasto total (miles de euros)	Distribución porcentual do gasto (%)
Total	127.493	100%
Paquete turístico	16.980	13,3%
Aloxamento	52.098	40,9%
Restaurantes	33.035	25,9%
Comida comercios	2.043	1,6%
Desprazamentos	7.709	6,0%
Agasallos	11.166	8,8%
Ocio	3.112	2,4%
Outros	1.350	1,1%

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por provincia

Os viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros da provincia da Coruña gastaron preto de 59 millóns de euros, o que supón o 46,3% do gasto total dos non residentes. A continuación atópanse os viaxeiros aloxados en Pontevedra que contribuíron co 38,8% do total do gasto.

No tocante ao gasto diario medio por viaxeiro, o máis alto deuse na provincia da Coruña (104,6 euros) e o máis baixo en Lugo (83,9 euros).

Gasto dos non residentes segundo a provincia do establecemento. Segundo trimestre de 2009

Provincia do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Galicia	127.493	100,0	101,0
A Coruña	58.986	46,3	104,6
Lugo	12.086	9,5	83,9
Ourense	6.961	5,5	103,6
Pontevedra	49.459	38,8	101,5

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por categoría

O 36,6% do gasto total dos non residentes en Galicia procede de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 4 estrelas. Os establecementos de 1 e 2 estrelas supoñen o 30,7%, os de 3 estrelas o 25,3% e o 7,4% restante corresponde a viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 5 estrelas.

En canto ao gasto diario medio por persoa o máis elevado correspondeu aos establecementos hoteleiros de 5 estrelas (159,5 euros), mentres que nos establecementos de menor categoría (1 e 2 estrelas) este gasto foi de 82,1 euros.

Gasto dos non residentes segundo a categoría do establecemento. Galicia. Segundo trimestre de 2009

Categoría do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
Total	127.493	100,0	101,0
1 e 2 estrelas	39.101	30,7	82,1
3 estrelas	32.305	25,3	96,1
4 estrelas	46.705	36,6	119,5
5 estrelas	9.382	7,4	159,5

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_turismo_gasto_non_residentes_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>